



## ELECCIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE E DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

En cumprimento dos arts. 17 e 20.4 do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito, e segundo o Regulamento Electoral Xeral da UDC, establécese o seguinte calendario electoral para a elección dos membros da Comisión Permanente e das Comisións delegadas da Xunta de Facultade:

- **Presentación de candidaturas:** ata o 26 de marzo, ás 14:00 h.
- **Proclamación provisional de candidatos:** 27 de marzo, ás 14:00 h.
- **Reclamacións á proclamación provisoria de candidatos:** ata o 29 de marzo, ás 14:00 h.
- **Proclamación definitiva de candidatos:** 1 de abril.
- **Votación:** 8 de abril na Xunta de Facultade que se convocará para ese día ás 12:30 h. en primeira convocatoria e ás 13:00 h. en segunda convocatoria.

**Lugar de presentación de candidaturas:** A presentación de candidaturas farase, no prazo indicado, na Secretaría do Decanato e nela farase constar os datos persoais, a categoría e a comisión ou comisións ás que se presenta o candidato (O modelo para presentar a candidatura pode descargarse da páxina web da Facultade ou recollerse na Secretaría do decanato).

Número de membros a elixir nas diferentes comisións:

- **Comisión Permanente:** sete profesoras/es con vinculación permanente e dúas/dous profesoras/es con vinculación temporal (garantíndose a presenza dos dous Departamentos); catro representantes de estudantes; e unha/un representante do PAS.
- **Comisión de Docencia:** dúas/dous profesoras/es doutoras/es; catro estudantes (unha/un dos cales será de Posgrao, no seu caso); e un representante do PAS.
- **Comisión de Garantía de Calidade:** tres estudantes (unha/un das/dos cales será de posgrao ou de doutoramento, no seu caso) e un representante do PAS.
- **Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas:** dúas/dous representantes dos PAS; e dúas/dous alumnas/os.
- **Comisión de Biblioteca:** seis profesoras/es (garantíndose a presenza dos dous Departamentos); catro estudantes (unha/un das/dos cales será de Posgrao, no seu caso); e unha/un representante do PAS.
- **Comisión de Actividades Culturais e Extensión Universitaria:** unha/un representante do profesorado; cinco alumnas/os; e unha/un representante do PAS.

A Coruña, 15 de marzo de 2019  
O decano

Asdo.: José Antonio Seoane Rodríguez